

O Monte do Faro, facho e miradoiro con tradicións

O Monte do Faro está situado a 231 m de altura, na parroquia de San Xián de Brantuas. O seu nome fálanos sobre a súa función de antigo faro onde se acendían fachos para guiar os barcos no mar ou avisar da chegada da frota inimiga. Ademais, neste lugar mantivéronse antigas tradicións relacionadas co mar e cos seus mariñeiros.

Tradición para loitar contra os elementos

Neste lugar existía un costume ou ritual practicado polas mulleres dos mariñeiros chamado “virar a tella” que se mantivo coas embarcacións de vela e empezou a decaer coa chegada dos motores aos barcos. Consistía en virar unha tella da capela para que cambiase o vento ou parase a chuvia e que os mariñeiros puidesen chegar a porto sans e salvos. Este rito propiciatorio axudáballes aos pescadores e ás súas mulleres a se enfrontaren coas adversidades, a loitaren contra os elementos infundíndolles confianza para a loita cotiá contra un medio moi hostil como o mar na Costa da Morte.



A Nosa Señora do Faro, protectora dos mariñeiros

Coa chegada da relixión cristiá a Galicia, cristianízanse os lugares altos con antigos cultos pagáns onde se manteñen tamén ritos ancestrais e crenzas tradicionais dos pescadores.

A ermida da Nosa Señora do Faro resulta un bo exemplo disto. A Virxe ofrécelles protección aos mariñeiros e goza de moita devoción e tradición. Celébrase unha sonada romaría o día 8 de setembro, cando a imaxe da Virxe sae en procesión desde a igrexa parroquial de San Xián de Brantuas ata esta ermida.



■ Capela da Nosa Señora do Faro.

Algunhas pezas populares amósannos a tradición da Nosa Señora do Faro:

*Imos xunto a Virxe
do monte do Faro
que nos mande o vento
para que chegue o barco*

*Nosa Señora do Faro
está no alto, fai que dorme
mais Ela ben veu pasar
aos mariñeiros de Corme*



■ O monumento do Sagrado Corazón de Xesús, inaugurado en 1959, foi custeado polo emigrante en Sudamérica Ricardo Pose, nacido en Brantuas. Esta torre ten unha altura de 39 metros. Desde o alto, ao que podemos acceder por unha escaleira de caracol de 133 chanzos, podemos contemplar impresionantes vistas deste tramo da Costa da Morte, salpicado de faros que guían os mariñeiros.

Asómate a esta espectacular paisaxe costeira. Descubrirás a ría de Corme e Laxe e o fermoso val de Gondomil, coa súa illa da Estrela